

Árbore da vida

Abrazada a min / a madresilva
Cheirando o recendo / da túa hortelán
Desfrutando do sabor / das túas amoras
Ouvindo o rumorexar da voz / dos teus piñeiros
Vendo as cores dos xirasoís e margaridas / do teu xardín

Abrazado a ti / árbore da vida

Pura vida

Sentir que me adentro na túa xénese
Que escorrego até a túa esencia
Que chego até onde
 na realidade
 ninguén chegou por muito que digan
Chegar ao centro do universo
e estoupar fundido a ti
en queixumes desencaixes e humidade
e morrer
 de pura vida